

***VI Certame De Doces Típicos De Outono
(Outono 2018)***

“MOMENTOS DOCES DO MAGOSTO”

O Concello de A Pobra de Trives convoca o **“VI Certame De Doces Típicos de Outono”** con motivo do festexo do Magosto.

Esta mostra xa leva seis anos de andadura, facendo que os nosos produtos de outono teñan a importancia que se merecen sendo os agardados protagonistas da sobremesas no Magosto.

1. BASES DO CERTAME:

A continuación, presentámosvos as bases deste VI certame:

- I. Participantes: poderá participar no concurso todas as persoas que o desexen.
- II. Ingredientes obrigatorios: Os doces deberán ser elaborados con ingredientes da tempada como ***Castañas, Noces, Figo, Mazá, Pera, Cabaza, Uva, Laranxa, etc.***
- III. Non se poderán utilizar conservantes que non sexan naturais.
- IV. Prazo e lugar de entrega dos doces: farase na mañá do 10 de novembro (Día do Magosto) na Oficina de Turismo en horario de 10:30h a 14h. Ou pola tarde xusto antes de comezar o Magosto, no Centro Cívico de Santa Leonor. Ademais deben presentar os seguintes datos:
 - Nome e apelidos do autor
 - Nome da Sobremesa. Breve explicación dos ingredientes que contén e da elaboración da mesma
- V. Criterios de valoración:
 - Orixinalidade.
 - Deseño e a dificultade da sobremesa, quedando exento de valoración aqueles que non sexan comestibles.
 - Calidade
- VI. Anotarse: recoméndase aos participantes anotarse con antelación na Oficina de Turismo (antes do 3 de novembro)

VII. Premios:

- Un agasallo para cada participante.
- Diploma acreditativo de participación.

A entrega do Premio farase ese mesmo día 10 de Novembro durante o Magosto.

- Ditas sobremesas serán degustadas por todos os asistentes ao Magosto, o sábado 10 de Novembro a partires das 18:30h. no Centro Cívico, en Santa Leonor.
- A organización poderá resolver calquera continxencia non prevista nestas Bases. As decisións que se tomen neste sentido serán inapelables.